



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa de San Roque, 2  
15781 Santiago de Compostela  
Tif: 881 996306 Fax: 881 996306  
www.lingua.gal

**galicia**

## **PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2017-2018 (ED101C)**

### **PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN**

Mediante a Orde do 16 de novembro de 2017, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, anunciouse a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2017-2018 (ED101C) (DOG núm. 226, do 28 de novembro de 2017).

Tras concluír o prazo de presentación de solicitudes, as comisións provinciais de cualificación avaliaron os proxectos admitidos e fixaron a puntuación asignada a cada un conforme aos criterios establecidos na base 9 da convocatoria. Así mesmo, deron conta daquelas solicitudes que resultaron excluídas por non cumprir algún dos requisitos esixidos.

De acordo coa base 12 da convocatoria, a Comisión Central de Cualificación, constituída ao abeiro da base 8, fai pública na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>) a proposta provisional de resolución, que inclúe unha listaxe por provincias na que se indica a puntuación outorgada a cada proxecto admitido e o financiamento asignado a cada centro, de acordo cos criterios sinalados na base 11, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes.

Ábrese un prazo de 10 días hábiles, que se contará a partir do seguinte ao da data de publicación desta proposta provisional de resolución, para que os centros interesados poidan formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a xefatura do gabinete de normalización lingüística da provincia que corresponda, nos lugares e na forma indicados na base 5 da convocatoria. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico ao gabinete de normalización lingüística da súa provincia, no que indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

A presidenta da Comisión Central de Cualificación



M.<sup>a</sup> Lourdes Batán Aira